

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local

ANUNCIO

DELEGACIÓN COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Por esta Alcaldía, con data 19 de xuño de 2023, mediante Decreto núm. 1983/2023, foron realizadas delegacións na Xunta de Goberno Local.

Delegacións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local.

1ª A concesión de licenzas urbanísticas en xeral, a aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

Tamén se delega a competencia para a aprobación das liquidacións do ICIO (imposto sobre construcións instalacións e obras) correspondentes ás licenzas que se delegan.

2ª Os expedientes de contratación que sexan competencia da Alcaldía.

Se exceptúan desta delegación os contratos menores.

3ª A adjudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, que sexan competencia da Alcaldía.

4ª A aprobación de proxectos de obra e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o alcalde e estean previstos no orzamento.

5ª A aprobación das convocatorias e bases reguladoras das subvencións concedidas polo concello en réxime de libre concorrència, o reparto das axudas de acordo con ditas bases e a aprobación da xustificación correspondente. Tamén se delega a aprobación das contas xustificativas e a orden de pagamento.

6ª A aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo pleno, as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

Estas delegacións a favor da Xunta de Goberno Local se realizan sen prexuízo das competencias propias atribuídas polo artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime local á Xunta de Goberno Local, de asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións e aquelas outras que o pleno da corporación, de ser o caso, lle estime oportuno delegar.

Ames, 20 de xuño de 2023

O alcalde

José Blas García Piñeiro

2023/4954